



## Requirimento de documentación

CONVOCATORIA 2021 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS INNOVADORAS EMERXENTES (CLÚSTERES EMERXENTES) NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Mediante Resolución do 23 de decembro de 2020 (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro) publicáronse as bases reguladoras das axudas ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) na Comunidade Autónoma de Galicia e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Por parte do órgano instrutor do procedemento administrativo previsto no art. 12 das ditas bases reguladoras, están analizándose as solicitudes presentadas polos solicitantes que se acolleron a esta convocatoria de axudas. Nunha primeira fase de revisión identificáronse varios expedientes que carecen dalgún dos requisitos esixidos nas bases reguladoras, polo que resulta procedente efectuar os oportunos requirimentos de emenda.

O artigo 13.3 das bases reguladoras dispón que de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este requirimento de emenda realizarase preferentemente mediante publicación na páxina web do Igape no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es).

En virtude do anterior, dáselle publicidade á relación de solicitantes cuxos expedientes deben ser obxecto de emenda segundo se recolle no anexo I.

Teñen un prazo de **10 días naturais** para acceder á Oficina Virtual do Igape ([www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es)), utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e acceder ao requirimento individualizado de emenda. Entenderase rexeitado cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición do requirimento sen que acceda ao seu contido.

Establécese un prazo de **10 días hábiles** para achegar, por medios electrónicos, a documentación sinalada, contados a partir do día seguinte ao acceso ao requirimento individualizado, ou desde que se entenda rexeitado polo transcurso de 10 días naturais desde a súa posta a disposición sen que accedera ao seu contido.

No suposto de que non atendan o requirimento no prazo indicado, ou se a emenda resulta incompleta ou defectuosa, teráselles por desistidos na súa petición aos solicitantes e archivaranse os expedientes, trala correspondente resolución que se ditará nos termos previstos no artigo 21 da devandita Lei 39/2015.

### Sinatura:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
Dirección da Área de Competitividade do Igape	Norberto Penedo Rey	Santiago de Compostela	A indicada na sinatura



**ANEXO I**  
**Solicitudes de axuda suxeitas a emenda de documentación**

<b>Núm. expediente</b>	<b>Titular do expediente</b>	<b>NIF</b>
IG193.2021.1.1	Asociación Clúster da Biomasa de Galicia	G42965343
IG193.2021.1.2	Viratec, Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular	G02881563
IG193.2021.1.4	Clúster da Industria do Deporte e do Benestar de Galicia	G42740837